

Venres, 16 de novembro de 2018

Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALVATERRA DE MIÑO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PREZO PÚBLICO DA UTILIZACIÓN DO ALCOHOLÍMETRO MUNICIPAL

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día vintaenove de outubro de dous mil dezaoto, adoptou o seguinte acordo e dispón a publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia:

ACORDO DE ESTABLECIMIENTO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO ALCOHOLÍMETRO MUNICIPAL

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécense os prezos públicos pola utilización do alcoholímetro municipal, no Concello de Salvaterra de Miño.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público, todas aquelas persoas que queiran utilizar o alcoholímetro.

ARTIGO 3. DEVENGO

O devengo deste prezo ten lugar no momento da solicitude, introducindo o importe no monedeiro do propio alcoholímetro.

ARTIGO 4. CONTÍA

O importe a abonar pola utilización do alcoholímetro será de 1,00€ (Ive incluído)

ARTIGO 5. LIQUIDACIÓN

O importe debera satisfacerse introducindo o importe no monedeiro do propio alcoholímetro.



Venres, 16 de novembro de 2018

Núm. 221

ARTIGO 6. INGRESO

O pagamento deste prezo realizarase no momento da utilización do mesmo, introducindo o importe no monedeiro do propio alcoholímetro.

DISPOSICIÓN FINAL

Estes prezos públicos comezarán a rexer ao día seguinte da súa publicación no BOP, e permanecerán en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Alcalde

Asdo.: Arturo Grandal Vaqueiro

